

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E A FUNDACIÓN LABACA PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE SEGUNDA OPORTUNIDADE PARA MENORES INTERNADOS NOS CENTROS CONCEPCIÓN ARENAL E CIEMA DA CORUÑA E DE SOPORTE Á AUTONOMÍA DAS PERSOAS MOZAS QUE REMATAN O CUMPRIMENTO DAS MEDIDAS DE INTERNAMENTO EN CENTROS DE REEDUCACIÓN.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social e Xuventude, declara:

Que a consellería de Política Social e Xuventude ten previsto formalizar coa Fundación Labaca o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da sinatura do convenio ata o 31 de decembro de 2024, sen prexuízo de que as actuacións que constitúen o seu obxecto se iniciasen no mes de xaneiro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular a colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e a Fundación Labaca para facilitar o tránsito a autonomía e a inserción socio laboral das persoas mozas, de idades comprendidas entre 16 e 25 anos, que se encontren cumprindo ou finalicen medidas xudiciais nos centros de Concepción Arenal e CIEMA da Coruña, a través da Escola de Segunda Oportunidade, naqueles casos nos que e o seu entorno socio familiar non reúna as condicións necesarias para facilitar a súa inserción socio laboral.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

Primeiro.- Que o artigo 45.1 da lei orgánica 5/2000, reguladora da responsabilidade penal dos menores, atribúe ás comunidades autónomas a execución das medidas adoptadas polos xuíces de menores nas súas sentenzas firmes para o que levarán a cabo, de acordo coas súas respectivas normas de organización, a creación, dirección, organización e xestión dos servizos, institucións e programas axeitados para garantir a correcta execución das medidas previstas nesta lei.

Segundo.- A Consellería de Política Social e Xuventude , a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, ten asumidas entre as súas competencias, de acordo co establecido no artigo 13 do Decreto 216/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, a execución das medidas ditadas polos xulgados de menores nos termos establecidos na Lei orgánica 5/2000 do 12 de xaneiro.

Terceiro.- O artigo 55 da LORPM dispón que toda a actividade dos centros nos que se executen medidas de internamento estará inspirada polo principio de que o menor internado é suxeito de dereito e continúa formando parte da sociedade. En consecuencia, a vida no centro debe tomar como referencia a vida en liberdade, favorecendo a colaboración e participación de entidades públicas e privadas no proceso de integración social.



Cuarto.- Que a Fundación Labaca é unha organización constituída sen fin de lucro, inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego co número 1913/1 que orienta o seu labor á mellora da educación e integración dos colectivos máis desfavorecidos da cidade da Coruña, promovendo vías para a súa inserción laboral e educativa a través do desenvolvemento dun programa “ escolas de segunda oportunidade” (ESO-21 Labaca).

En cumprimento dos seus fins a fundación Labaca, decidiu desenvolver un proxecto de carácter singular, dirixido a persoas mozas que se encontran en proceso de cumprimento de medidas xudiciais nos centros de menores Concepción Arenal e CIEMA da Coruña, co fin de que estas persoas mozas recuperen os seus estudos, melloren a súa formación e poidan integrarse no mundo laboral.

A Fundación Labaca sitúase como unha ponte entre o cumprimento da medida de internamento e a saída da persoa menor do centro de medidas, ofrecendo un programa de atención integral que se estenderá máis alá do tempo de cumprimento da medida de internamento ,procurando a inserción laboral e educativa das persoas mozas.

Quinto.- A Consellería de Política Social e Xuventude e a Fundación Labaca teñen como obxectivo común procurar a súa reinserción e reeducación das persoas menores.

Sexto.- O artigo 31.2 en relación co artigo 55 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, habilita, por razóns de interese público e debidamente xustificadas, a subscrición de convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrencia pública, como é o caso.

O interese social do proxecto que ven levando a cabo Labaca xustifica que a axuda se tramite por medio dunha concesión directa, de conformidade co establecido no artigo 19.4 c) da lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a través da formalización dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e a dita entidade para o desenvolvemento dun proxecto de carácter singular, dirixido a persoas mozas que se encontran en proceso de cumprimento de medidas xudiciais nos centros de menores Concepción Arenal e CIEMA da Coruña, co fin de que estas persoas mozas recuperen os seus estudos, melloren a súa formación e poidan integrarse no mundo laboral.

A Escola de Segunda Oportunidade, ofrece unha resposta á necesidade educativa e social xerada por mozas que transitaron pola escolarización ordinaria obrigatoria sen alcanzar os resultados esixidos. Trátase dun modelo educativo baseado na cooperación entre distintos axentes sociais, no que teñen un papel destacado as empresas do tecido produtivo próximo. Nelas promóvese o traballo en rede para lograr unha integración social e persoal duradeira, mediante o desenvolvemento de competencias profesionais, básicas e socio-persoais.

No contexto xeográfico e administrativo en que se sitúa esta iniciativa, os referentes principais refírense á Asociación Española de Escolas de Segunda Oportunidade, organismo que conta cun proceso definido do que é unha Escola de Segunda Oportunidade e as características que debe ter unha realidade educativa formal deste tipo para ser considerada como tal. Neste organismo existen actualmente realidades de: Cataluña, Comunidade Valenciana, Euskadi, Aragón, Madrid, Andalucía e Canarias, así como outros membros asociados doutros territorios do Estado español que contribúen a crear sinerxias que favorecen a mellora das respostas que se dan a esta



problemática xuvenil non contando ata o de agora con un programa destas características na nosa comunidade.

As escolas de segunda oportunidade funcionan como unha vía alternativa e complementaria ao ensino regrado co obxectivo de conseguir a inserción dos mozos nos itinerarios académicos regrados e, ademais, alcanzar a inserción laboral dos mozos. As escolas de segunda oportunidade son aquelas que permiten que os mozos que abandonaron os estudos adquiren unha formación básica para conseguir un emprego. A idea é simple: ofrecer aos mozos excluídos do sistema educativo as mellores vías de formación e o mellor marco para que adquiren confianza en si mesmos e adquiren os hábitos e condutas que son necesarios para a súa inserción sociolaboral.

Tendo en conta o carácter específico das intervencións obxecto deste programa, resulta imposible promover a concorrncia para a celebración deste convenio, sendo esta entidade a única que desenvolve unha escola de segunda oportunidade en toda Comunidade Autónoma e a única en manifestar interese en levar a cabo un programa en beneficio das persoas mozas que se encontran en situación de cumprimento de medidas de internamento no centro de reeducación Concepción Arenal e cumprimento de medidas xudiciais de medio aberto no CIEMA da Coruña.

Sétimo.- A Xunta achega para o desenvolvemento do programa durante o ano 2024 a cantidade de 19.999,55€.

Oitavo.- O convenio de colaboración cuxa tramitación se inicia terá vixencia dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024, sen prexuízo de que as actuacións que constitúen o seu obxecto se iniciasen no mes de xaneiro de 2024.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos comprendidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, polo que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE de 26 de febreiro de 2014 ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificada a sinatura do instrumento convencional que se pretende coa exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

Jacobo Rey Sastre

